

A VIGOROSA VOLTA DO XOGO TRADICIONAL

O VI CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO INAUGÚRASE CUNHA CONFERENCIA, “XOGO TRADICIONAL: DIMENSIÓN SOCIAL E EDUCATIVA”, ABERTA AO PÚBLICO E IMPARTIDA POR DOUS DOS MÁIS RECOÑECIDOS ESPECIALISTAS DO MUNDO: JOÃO AMADO E ANTÓN CORTIZAS

ENSINANTES E EDUCADORES/AS DO TEMPO LIBRE DE TODA GALICIA REUNIRANSE EN SANTIAGO PARA DEBATER COMO RECUPERAR OS XOGOS TRADICIONAIS NAS ESCOLAS

- **O VI CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO: XOGO, LITERATURA ORAL E MÚSICA, terá lugar os días 13 e 14 de novembro nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música de Santiago.**
- **O Curso está organizado pola ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL (AGXPT) –entidade nacida para a divulgación do patrimonio lúdico– e por NOVA ESCOLA GALEGA –movemento galego de renovación pedagóxica–.**
- **Galicia é un país enormemente rico en xogos, á par do País Vasco e de Navarra, e na última década estase asistindo a un proceso vigoroso de recuperación desde diferentes ópticas –deportiva, cultural, administrativa...– pero tamén desde o ámbito escolar.**
- **O Curso compaxinará a análise teórica do xogo tradicional galego coa práctica duns trinta xogos de sempre, e pretende dotar os educadores/as asistentes de estratexias que permitan recuperar o patrimonio lúdico desde todos os ámbitos da educación en Galicia.**
- **João Amado, profesor da Universidade de Coímbra, é un dos máis recoñecidos especialistas do mundo no campo do patrimonio lúdico. Na conferencia inaugural, aberta ao público, estará acompañado polo escritor e investigador galego Antón Cortizas. Os dous serán presentados por Clodio González Pérez, directivo do Museo do Pobo Galego.**

Santiago, 12 de novembro

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago acolle o venres 13 e o sábado 14 de novembro o **VI CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO** que organizan a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT) e Nova Escola Galega, e que conta coa colaboración do Concello de Santiago. O lema da cita é "**Xogo, literatura oral e música**" e o obxectivo do curso é o de tratar de formar os educadores e educadoras coa finalidade de restituír os xogos tradicionais á cadea de produción cultural, consonte co que está sucedendo na maior parte dos países de Europa.

O programa do curso, que contará con sesións teóricas e prácticas, pode ser dividido en tres bloques. Un centrado na reflexión teórica, que contará coa presenza de **João**

Amado, Antón Cortizas e César Camoira, que analizarán, por unha parte, a dimensión social e educativa do xogo tradicional e, por outra, a relación do xogo coa literatura.

Un segundo bloque centrado en **obradoiros** onde se tratarán de descubrir as virtualidades do xogo tradicional, particularmente no que ten que ver coa literatura e coa música. Os obradoiros serán impartidos polos músicos e dramaturgos **Juan Parga, Diego Paz, Juan Collazo e Afonso García**.

É un terceiro bloque, de aprendizaxe e **práctica** dunha trintena de **xogos tradicionais**. Este último bloque será o primeiro, cronoloxicamente, e desenvolverase nas instalacións do CEIP da Fontiñas.

O Curso representa a consolidación dunha actividade de formación que se vén organizando desde hai seis anos, e que se circunscribe nas máis de 400 actividades de divulgación desenvolvidas desde a súa fundación no ano 2003 por parte da AGXPT. Con el, preténdese cubrir un oco existente nos **programas oficiais de formación dos educadores/as**, que só nalgunha época concreta ofreceron algunhas actividades de formación para educadores/as sobre o xogo tradicional.

Galicia é un país enormemente rico en xogos. No conxunto da Península, atópase nos primeiros lugares en canto ao número e á vixencia das súas prácticas lúdicas tradicionais, a carón do País Vasco, de Navarra e da propia Portugal. Nos últimos anos, son constantes as iniciativas de recuperación do xogo tradicional que teñen xurdido por todo o país, tanto desde a perspectiva deportiva –é o caso dos birlos ou da chave, por exemplo– como desde outros ámbitos, entre eles o escolar. En efecto, son numerosos xa os centros educativos galegos que contemplan entre os seus proxectos estratexias de recuperación dos xogos de cada zona.

Os procesos de recuperación do patrimonio lúdico son comúns a toda a nosa contorna europea próxima, onde existen tamén infinidade de proxectos de recuperación articulados a maior parte deles a través da **ASOCIACIÓN EUROPEA DE XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS**, entidade na que a AGXPT está integrada.

Achéganse o programa, a invitación á conferencia inaugural e unha fotografía correspondente á presentación do Curso en conferencia de prensa celebrada na Casa do Concello de Santiago (de esquerda a dereita: Xosé Luís Quintás, Director do Conservatorio Profesional de Música de Santiago; Manuel Dios, Concelleiro de Educación de Santiago; Zeltia Labraña, integrante da AGXPT).

Agradecemos a divulgación. Un saúdo cordial.

Contactos coa organización:

Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional
agxpt@agxpt.gal
www.agxpt.gal
Tfno. 618 480 957